

Obradoiro de Introducción á lingua e cultura coreana - 2017-2018

Información da convocatoria

Tipo	OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN A LINGUA E CULTURA COREANA
Código	V17.SP.CO
Nome	Obradoiro de Introducción á lingua e cultura coreana
Curso académico	2017-2018
Nivel	
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	30.00

Descrición

O Obradoiro de introdución a lingua e a cultura coreana inclúe:

O uso das catro técnicas de estudo (Comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita, gramática e vocabulario) que levarán a aprender e comprender o idioma coreano, sendo necesarias para a aprendizaxe axeitada deste idioma.

Para os principiantes propónse levar a cabo as catro técnicas. Como punto de partida e conveniente comezar coa familiarización dos sons do idioma, polo tanto as técnicas de comprensión e expresión oral e a de comprensión e expresión escrita serán as máis axeitadas para este tipo de usuarios.

Os resultados da aprendizaxe do idioma veranse reflectidos cando se interacciona o idioma coa cultura do país, isto é, a aprendizaxe baseada en exemplos reais e situacións cotiás que enfrentan unha persoa ou un estranxeiro cando conviven con persoas, obxectos e coa realización de actividades dese país.

A través de exemplos e conversas prácticas o/a estudante será capaz de adquirir unha aprendizaxe inmediata logrando comunicarse adecuadamente ante certas situacións cotiás (presentarse así mesmo e ante outros, solicitar e proporcionar información básica, contar números e diñeiro, practicar cancións coreanas), comprendendo a lingua a través da cultura coreana.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	26/07/2017 - 27/09/2017
Período de docencia	03/10/2017 - 14/12/2017

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	30
Validación LE	0

Destinatarios

Público xeral maior de 16 anos sen coñecementos previos da lingua.

Calendario

Martes e xoves de 18.30 a 20.00 horas- (**Aula B14**)

Programa

Contidos do Obradoiro de introdución á lingua e cultura coreana:

a) **Contidos Teóricos:** basados na aprendizaxe do alfabeto coreano (Han-gul), na escrita correcta da caligrafía coreana (vocais e consoantes), estrutura gramatical nas súas catro formas de dirixirse ou falar coas persoas (persoas da terceira idade, adultos, mozos e nenos).

b) **Contidos Prácticos:** baseado en exercicios prácticos tanto de lectura como de comprensión e expresión oral e escrita, entoación nos estándares da fala e modos de comportamento da cultura coreana.

c) **Contido Cultural:** con base principalmente na historia, nos personaxes, tradicións, comportamentos, música, películas e a repercusión da comunidade coreana noutros países. Polo tanto as participacións en conversas e presentacións basadas en actividades cotiás da sociedade coreana realizarase en cada clase.

Temario do Taller de introdución a lingua e cultura coreana:

(Inclúese Vocabulario por cada Unidade)

Unidade 1 - Alfabeto Coreano

Unidade 2 - Saúdos

Unidade 3 - Números (Coreanos e Sinocoreanos)

Unidade 4 - Familia

Unidade 5 - Tempos (Día, Mes, Ano)

Unidade 6 - Nacionalidade, Profesión

Unidade 7 - Obxectos, Lugares, Ubicacións, Transporte

Unidade 8 - Estacións do Ano, Cores, Corpo

Unidade 9 - Educación

Unidade 10 - Viaxes

Unidade 11 - Compras

Unidade 12 - Clima

Unidade 13 - Gastronomía coreana

Unidade 14 - Restaurantes

Unidade 15 - Bailes tradicionais

Unidade 16 - Vestiario tradicional

Unidade 17 - Festividades en Corea

Materiais de estudo

Empregarase exercicios prácticos de comprensión e expresión oral e escrita, gramática e vocabulario baseado en libros de estudo da lingua coreana, así como o estudo gramático e fonético das cancións para facilitala fluidez do idioma, así como videos e cortos de películas basados nas unidades de estudo.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	117.00 €
Público en xeral	145.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)
Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria

Impartido en

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHESMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011688

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Procederá devolución do importe íntegro da matrícula cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **12 euros** en concepto de gastos de xestión.
3. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible

a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.

- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

4. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.

